



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## DECLARACIÓN RESPONSABLE CACHELAS SAN PEDRO.-

D./D<sup>a</sup>:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Actuando:

- En nome propio
- En representación de \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ (deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito a representación, achegando DNI do representado)

### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

-que con motivo das tradicionais cachelas que de forma típica se celebran en toda Galicia na tarde/noite de **San Pedro**, e atendendo a que por parte da Xunta de Galicia se deixou a criterio dos concellos a autorización das anteditas cachelas, estou interesado/a en facer unha fogueira na tarde/noite do **28 ao 29 de xuño de 2025** a partires das \_\_\_\_\_ horas, en:

Localización:

Referencia catastral:

- que me comprometo ó cumprimento e adopción de todas e medidas de seguridade para a **prevención de incendios forestais** (Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2006), coa responsabilidade que puidera derivarse no incumprimento das mesmas. e en todo caso:

- Haberá sempre xente ó lado do lume e terán auga suficiente para apagar o lume en caso necesario.
- O lume acenderase despexado de posibles riscos de propagación. Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa extinción total e deixarase o lugar limpo de refugallo.
- Non se aproveitará a cachela para queimar restos domésticos (colchóns, mobles, tablas, roupa), agrícolas e forestais.
- **A CACHELA NON SE INSTALARÁ EN ZONA DE DOMINIO PÚBLICO.** Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facer fogueira
- Os organizadores coñecen o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o número de emerxencias 112.
- En zona urbana o volume do combustible da cachela non sobrepasará os 3 metros de perímetro, nin 1 metro de altura en zona rural o volume do combustible da cachela non sobrepasará os 5 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- A separación entre as cachelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situar baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Non se queimarán neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún

caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.

-Non se colocarán nin exhibirán pancartas que non estean expresamente autorizadas.

-Coñece que a hora límite para rematar a celebración é ás 04.00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.

-Procederáse á limpeza do espazo ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cachela e/ou sardiñada.

Cabana de Bergantiños, \_\_\_\_ de xuño de 2025

Asdo.:

*De acordo co establecido no art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, advírteselle que a inexactitude, falsidade e omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS**